



oqueleo na casa





Ler é un pracer

O teatro

Se queremos conseguir que os nosos fillos e fillas lean,
o teatro pode ser unha alternativa atractiva
e diferente para achegalos á literatura.

1

Despois de elixir un conto e de lelo de forma comprensiva,
poderán adaptalo para a creación da súa propia obra teatral
e así converterse en actores ou actrices, ou en especialistas
en manexar monicreques e marionetas.

Aquí atoparás ideas para conseguilo.



Xogos teatrais

Co teatro, igual que cos libros, os nenos e as nenas poderán sentirse protagonistas dun mundo imaxinario e sorprendente.

Con roupa cómoda e nun espazo onde nos poidamos mover a gusto, imos facer algúns xogos que nos servirán de quentamento para converternos en actores e actrices.

PREPARÁMONOS ANTES DE COMEZAR...

1. Xesticulamos

Os nenos e as nenas teñen que expresar distintas emocións sen palabras, só con acenos. Comezamos pedíndolles que representen as máis coñecidas ou habituais. **Que fas cando sentes: alegría, tristeza, medo, enfado...**

Buscaranse a continuación outro tipo de xestos, por exemplo: **dúbida, vergonza, triunfo, desilusión, emoción, etc.**

- *Atopas un tesouro.*
- *Apértanche os zapatos.*
- *Pérdeste nunha cidade descoñecida.*
- *Es un paxaro nunha tormenta.*
- *Gañas un premio.*
- *Descobres na rúa que esqueciches poñer os pantalóns...*

Poden pronunciar un son para reforzar o xesto.

2. Vocalizamos

Deberán vocalizar un pequeno texto, refrán ou frase.

Exemplo: *A mal tempo, boa colleita*

Farán distintos exercicios, por exemplo:

- Pronunciar palabras alongando a última sílaba.
- Substituír as vogais usando só unha delas.
- Dicilo poñendo a boca en forma de O ou estirada coma un sorriso.
- Coma se tivesen pico.
- Sen desapegar os dentes.
- Co acento dun cidadán estranxeiro ou dun habitante doutro planeta.

3. Cambiamos as propiedades dun obxecto

Entregámoslles un obxecto, por exemplo, un coxín; deberán ir pasándoo e transformándoo atendendo a distintas consignas:

3

- Que sexa algo moi valioso.
- Que teña espiñas.
- Que sexa de cristal moi fráxil.
- Que sexa algo malvado e desagradable.
- Que sexa moi pesado.
- Que sexa ruidoso.
- Un globo de xabón a piques de estoupar.
- Un gato ferido.
- Unha araña ou unha serpe.
- Unha cazola quente.

XA ESTAMOS PREPARADOS...

4. Buscamos un texto

Xa estamos preparados para a actuación. Buscamos un conto ou unha historia que poidamos adaptar para representar unha pequena obra de teatro, ou tamén podemos crear unha propia.

Aquí ofrecemos algunhas suxestións para a actuación.

Ou...

5. Inventamos unha historia

1. Comezamos unha historia:

- Había unha vez unha nena moi valente que ía andando polo campo...
- Dunha vez era un extraterrestre que aterrou na Terra, fixémonos amigos e vivimos grandes aventuras...
- Esta é a increíble historia dun can que deixou de ladrar e botouse a falar...

2. Continuamos a historia engadindo tres frases cada un ata completar un relato, ou pode utilizarse un reloxo de area ou un cronómetro, e establécese un lapso de tempo.

Provocaremos que, durante a narración, no relato haxa moitas situacións e emocións distintas, guiando o neno ou a nena para que teña momentos de alegría, tristeza, sorpresa, enfado, inxustiza, etc.


3. Esta **historia** será a que usarán **para interpretar** como auténticos actores ou actrices, ou con monicreques.



Inspiración: conta historias

Precisamos:

- Imprimir o fotocopiabile N° 1
- Tesoiras
- Bolsa
















1. **Recortar as tarxetas do documento e metelas na bolsa.**
2. **O primeiro xogador ou xogadora saca unha tarxeta.**

Amosa a imaxe e, a partir do que esta lle suxira, comezará a contar a historia.

Por exemplo, se lle toca unha coroa, pode dicir:

- *Había unha vez unha raíña... ou*
- *Hai moitos anos o rei da galaxia... ou*
- *Cando a princesa acordou... ou*
- *No parque atopei unha coroa...*

3. Deixará aberta a narración para que o seguinte xogador ou xogadora colla outra tarxeta e continúe o relato a partir da nova imaxe, e así sucesivamente.
As tarxetas vanse poñendo en ringleira a medida que van saíndo para que formen a liña temporal da historia.








Fai o teu propio teatro




Precisamos:





- *Cartón*
- *Tesoiras*
- *Témperas ou acrílicos e pinceis*
- *Imprimir fotocopiáveis números 2 e 3*
- *Rotuladores ou lapis de cores*



Colorear os fotocopiáveis con rotuladores ou lapis de cores.

Cortar e apegar para decorar o teatro.









Miniteatro


Precisamos:

- Imprimir o fotocopiável N° 4
- Rotuladores de cores
- Tesoiras
- Un dedo preparado para actuar




Cortar pelas
linhas grises


Dobrar polo
medio



Pregar



Unha vez fabricado o «Miniteatro», pintaremos unha cara na polpa do dedo... será o «actor» ou a «actriz» protagonista.








Culleres: actores e actrices

Precisamos:

- Imprimir os fotocopiables números 5 e 6
- Rotuladores permanentes
- Tesoiras
- Grampas
- Culler










Fai unha perruca de papel



Precisamos:

- Unha caixa de cartón (por exemplo, de cereais)
- Serpentinhas (ou lazos ou tiras de papel)
- Tesoiras
- Pegamento branco



1. Cortar tiras de cartón e apegalas coma no debuxo.

2. Cortar e apegar as serpentinas na base do cartón.



Con folios reciclados apegados cara a arriba



Atrezzo I: fociño e anteface

A palabra italiana *atrezzo* refírese aos accesorios utilizados polos personaxes durante unha representación teatral.

No teatro, o vestiario serve para determinar o aspecto do personaxe que se vai representar.

1. Un fociño

Precisamos:

- Un vaso de cartón
- Un rotulador negro





2. Un anteface

16


Precisamos:

- Imprimir fotocopiable Nº 7
- Rotuladores
- Purpurina e abelorios
- Unha palla das que se usan para beber
- Cinta adhesiva





17






Atrezzo II: bigote, cellas e barba


Precisamos:


- Imprimir fotocopiabile Nº 8 (bigote e cellas)
- Imprimir fotocopiabile Nº 9 (barba)
- Tesoiras
- Un nariz (o noso!)


3. Un bigote e unhas cellas



4. Unha barba







20



Autora
Inés Burgos

Ilustración da cuberta
Rafael Salmerón
do libro

El oso cansado
(Loqueleo 2016)